

ACTA Nº3 DA MESA CONSTITUIDA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA "ACONDICIONAMENTO DO ANTIGO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL" INCLUIDA NO FEESL 2010 (EXPDTE DE CONTRATACIÓN Nº 2010/007)

LUGAR:

Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oroso

DATA:

29/06/2010

HORA COMEZO:

09:30 horas

ASISTENTES:

Manuel Mirás Franqueira (alcalde-presidente), Presidente
José Manuel Pérez Penas(concelleiro de obras), vogal
Dalmiro Núñez Méndez(secretario do Concello), vogal
Félix Manuel Carrasco del Pozo (interventor do Concello), vogal
Manuel Suarez Bernudez (arquitecto municipal), vogal
Ana M^a Linares Casiro (funcionaria adscrita ao Departamento de Intervención), secretaria.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Relación de empresas admitidas e excluídas e apertura da documentación contida no sobre "C" substituído REFERENCIAS TÉCNICAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Na Sala de Xuntas do Concello de Oroso, sendo as 09:30 horas do día 29 de xuño de 2010, reúnense as persoas referidas no apartado asistentes e, tras a súa lectura, apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, correspondente ao 21/06/2010.

2.- RELACION DE EMPRESAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS E APERTURA DA DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE "C" substituído REFERENCIAS TÉCNICAS

Subsanaron en tempo e forma a documentación requerida conforme a Acta da Mesa de Contratación de data 21/06/2010, as seguintes empresas:

EMPRESAS
ECOSERVICIOS Y BIO CONSTRUCCIONES ATLAS

EMPRESAS
DICONSA, DISEÑO Y CONSTRUCCION, S.A
ESTRUCTURAS Y OBRAS DE GALICIA, S.L
CONSTRUCCIONES J. CARRO
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO, S.L


Non subsanaron a documentación requirida conforme a Acta da Mesa de Contratación de data 21/06/2010, as seguintes empresas:



EMPRESAS
INTEMAGA S.L
CONSTRUCCIONES CANOSA S.L
MAKCO OBRAS Y PROYECTOS DE AROSA,S.L.
PROYECTA CONSTRUCCIONES

Por tanto a Mesa de Contratación de conformidade coa acta de data 21/06/2010 e coa subsanación da documentación efectuada polos licitadores, acorda o seguinte:

Primeiro - Excluir do proceso de licitación ás seguintes empresas:



EMPRESAS	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
INTEMAGA S.L	O volumen de obra de edificación medio anual nos últimos cinco anos nos que interviu o encargado xeral é inferior ao orzamento de licitación deste contrato, polo que non queda acreditada a suficiencia neste apartado de conformidade co establecido no artigo 12.1.7 A) do prego de cláusulas administrativas que rixe o contrato
CONSTRUCCIONES CANOSA S.L	Non xustifica a alta na seguridade social, con ao menos tres meses de antigüidade na empresa, dos traballadores integrados en plantilla que adscribirá á obra, xa que as resolucións de alta na seguridade social non permite á Mesa comprobar a antigüidade, polo que non queda acreditada a suficiencia no apartado 12.1.7A) do prego de cláusulas administrativas que rixe o contrato.
MARCO OBRAS Y PROYECTOS DE AROSAS,S.L.	Non xustifica a alta na seguridade social dos traballadores integrados en plantilla que adscribirá á obra, con ao menos tres meses de antigüidade na empresa, posto que presenta unicamente Resolucións de alta na seguridade Social e non permite á Mesa comprobar que os traballadores permanentes en plantilla adscritos á obra teñan unha antigüidade de alomenos tres meses na empresa tal e como esixe o artigo 12.1.7.A) do prego de cláusulas administrativas que rixe o contrato, polo que non queda acreditada a suficiencia neste apartado.
PROYECTA CONSTRUCCIONES	Non queda acreditada a solvencia técnica conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas que rixe o contrato. Non queda acreditada a suficiencia de medios persoais posto que non indica que traballadores en plantilla adscribirá á obra xustificando a alta na seguridade social, con ao menos tres meses de antigüidade. Non presenta unha relación da maquinaria, equipos e medios auxiliares propios que adscribirá á obra, divididos en vehículos, indicando matrícula, marca, modelo e función dentro da obra.




Segundo.- Admitir ao proceso de licitación ás seguintes empresas:

EMPRESAS ADMITIDAS
UTE OVIGA - AXIMA
ECOSERVICIOS Y BIO CONSTRUCCIONES ATLAS
DICONSA, DISEÑO Y CONSTRUCCION, S.A
ESTRUCUCTURAS Y OBRAS DE GALICIA, S.L
CONSTRUCCIONES J. CARRO
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO, S.L
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A
COPCISA, S.A

Comenza o acto de apertura pública das proposicións técnicas presentadas polas empresas admitidas, procedéndose de acordo coas formalidades establecidas no artigo 83 do RGCAP, asisten:

Feipe Otero Lavandeira en representación de UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A..
David Garabal Rey en representación de COPCISA, S.A.

O presidente cede a palabra ao secretario do Concello, o cal manifesta o resultado da calificación dos documentos presentados polos licitadores, expresando as proposicións admitidas, as rechazadas e as causas da súa inadmisión.

Antes da apertura da primeira proposición, invítase aos licitadores interesados a que manifesten as dudas que se lles ofrezan ou pidan as explicación que estimen necesarias:

Procedése á apertura das proposicións técnicas resultando o seguinte:

EMPRESAS	Referencias técnicas
UTE OVIGA - AXIMA	Confome na forma

EMPRESAS	Referencias técnicas
ECOSERVICIOS Y BIO CONSTRUCCIONES ATLAS	Confome na forma
DICONSA, DISEÑO Y CONSTRUCCION, S.A	Confome na forma
ESTRUCUCUTURAS Y OBRAS DE GALICIA, S.L	Confome na forma
CONSTRUCCIONES I. CARRO	Confome na forma
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO, S.L	Confome na forma
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A	Confome na forma
COPCISA, S.A	Confome na forma

A Mesa acorda dar traslado da documentación contida nas proposicións técnicas aos Servizos Técnicos Municipais para os efectos de emisión de informe, e sendo as 10:00 horas da por finalizado o acto. De todo o transcorrido nesta acta, que asina o presidente, eu, secretaria da Mesa dou fé.

O PRESIDENTE



SECRETARIA

